

IDEA PRINCIPAL

1 Identifica a idea principal dos seguintes parágrafos

Na selva tropical, viven miles de animais diferentes: monos, serpes e todo tipo de insectos, tales como bolboretas de cores, formigas, escornaboís, entre outros moitos.

- Na selva tropical viven miles de insectos.
- A selva tropical é o fogar de miles de animais.
- Bolboretas de cores, formigas e escornaboís viven na selva tropical.
- Monos e serpes viven na selva tropical.

A deforestación é o proceso polo que a terra se vai quedando sen bosques, case sempre pola acción do ser humano. A corta de árbores deixa a terra sen protección e as chuvias lavan os solos, que deixan de ser fértiles para sementar plantas alimenticias. Outro efecto da deforestación é o cambio do clima. Os lugares onde non hai árbores, son máis calurosos. Para evitar danos é moi importante reforestar.

- Moitos animais quedan sen fogar pola deforestación.
- O tempo afecta moito á deforestación.
- Danos que provoca a deforestación.
- Sen terreo non podemos plantar.

O escritor peruano Mario Vargas Llosa, considerado un dos innovadores da novela realista, foi gañador do Premio Nobel de Literatura outorgado pola Academia Sueca. Nos últimos 60 anos construíu unha enorme obra literaria que comezou no 1952 coa peza de teatro "La huida del inca". O xénero máis recoñecido do autor é a novela.

- Os Premios Nobel de Literatura son outorgados pola Academia Sueca.
- "La huida del inca" é unha peza de teatro.
- Mario Vargas Llosa é peruano.
- A vida como escritor de Mario Vargas Llosa.

IDEA PRINCIPAL

2

Escribe a idea principal da seguinte noticia.

En xaneiro do 2020, un grupo de policías creou a Organización de "Héroes de cuatro patas". A súa intención era buscar un fogar para os cans policías que xa non podían continuar traballando por ser moi maiores ou por ter algunha enfermidade.

A función principal dos cans policía é detectar explosivos ou buscar a persoas que están en perigo. A súa labor é moi importante e, cando xa non poden realizala, merecen unha vida tranquila e un fogar no que sentirse queridos.

"Agora precisan unha familia que lles de o cariño que gañaron", di a policía Rosa Chamorro, presidenta da organización.
